

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Departamento Territorial de Ourense

R/ Curros Enríquez 1, 3º andar – Ourense 32003

Asunto: Alegacións ao proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración presentados xunto coa solicitude de pase a concesión de explotación de 17 cuadrículas mineiras derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) Alberta I número 4966.1.1, nos concellos de Beariz e Avión (Ourense), e A Lama (Pontevedra).

D./Dña. _____ con DNI. Nº. _____

e domicilio a efectos de notificacións en _____

Á vista do Acordo do 10 de xullo de 2025, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública o proxecto de referencia, por medio do presente escrito, **ALEGA:**

1. A zona afectada pertence ao MVMC de Doade. **A comunidade de montes rexeitou expresamente a implantación do proxecto segundo acordos públicos e actas de asemblea veciñal**, sendo que a ocupación sen consentimento vulnera a Lei 7/2012, de montes de Galicia.
2. O proxecto fora presentado previamente en 2018, sendo tramitado nun procedemento que non contou coa preceptiva avaliación de impacto ambiental, vulnerando a Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental. O procedemento fora finalmente arquivado logo da incapacidade da empresa de subsanar as deficiencias indicadas nun informe desfavorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil debido ao risco para augas superficiais e subterráneas.
3. O proxecto actual é esencialmente idéntico ao anterior e **non resolve os impactos ambientais que motivaron o seu rexeitamento**.
4. O proxecto asume a validez dun dereito mineiro outorgado fai case un cuarto de século, en 2001, que incorreu repetidamente en causas de nulidade, nunca declarada pola administración en fraude de lei.
5. O proxecto prevé captar 25.700 litros/hora de auga subterránea, **afectando con toda probabilidade ás captacións de auga potable das aldeas afectadas, entre elas, Doade**.
6. O proxecto carece dun plan para o tratamento para as augas en contacto coa explotación. As augas residuais suporán a inxección de substancias tóxicas e perigosas no rego do Porto de Antas, afluente do río Doade e, por extensión, dos ríos Avia e Miño, vulnerando o principio de non deterioración marcados pola DMA e a Lei de Augas (Real Decreto Legislativo 1/2001). A zona de vertido está declarada de interese ambiental no Plan Hidrolóxico Miño-Sil en vigor (2022-2027).
7. A depresión da capa freática por extracción masiva de auga **afectaría gravemente á subministración en tempos de seca**, en contradición co principio de precaución do artigo 191 do TFUE.
8. A pesar do rexeitamento por parte da CHMS en 2020, non se presentou un estudo hidroxeolóxico que aclare os riscos indicados nin se prevé ningunha alternativa no caso de deixar sen auga á poboación.
9. **O proxecto non cumpre os requisitos da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), ao causar deterioro de masas de auga sen avaliación de alternativas**. Vulnera ademais o dereito á vida e á saúde (art. 2 e 35 da Carta da UE), á vista da contaminación esperable.
10. **O proxecto divide artificialmente** a explotación en fases para evitar avaliar o impacto acumulado, práctica prohibida pola Directiva 2011/92/UE e xurisprudencia do TJUE, tendo manifestado as sucesivas concesionarias mineiras que este será apenas unha primeira fase dun proxecto a maior escala.

11. Non se avalía adecuadamente o impacto da mina sobre o ecosistema da Serra do Suído, Serra do Cando e Serra do Candán, incluíndo a afección á Rede Natura 2000 e á conectividade entre espazos. Varios espazos próximos formaban parte da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 formulada en 2008 e que a Xunta non implementou a pesar da obrigatoriedade derivada da lexislación europea.
12. **O proxecto afecta hábitats prioritarios do Anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE), incluíndo 4020*, 7110*, 91E0* e 9230.** O estudo ambiental presentado pola empresa non identifica nin cataloga adecuadamente os hábitats afectados, nin analiza o impacto indirecto da minería subterránea. Non se realiza avaliación de impacto sobre a fauna protexida (mamíferos, aves, réptiles e morcegos), vulnerando a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
13. Atendendo ao anterior, o proxecto incumpre o artigo 6.3 da Directiva Hábitats ao non garantir que non afectará á integridade dos espazos da Rede Natura 2000 contiguos ou próximos, así como á conectividade entre os mesmos, para a que o espazo do proxecto supón un corredor natural.
14. **O proxecto tampouco contempla os impactos acumulativos** con outros proxectos na contorna, vulnerando novamente a Directiva EIA.
15. Tense vulnerado de xeito sistemático o dereito de acceso á información ambiental (Lei 27/2006 e Convenio de Aarhus), ao negarse a documentación clave á cidadanía e CMVMC afectadas.
16. A empresa carece de experiencia previa en minería metálica e carece de calquera noción na minería de litio, da que non existe nin en Galicia nin do Estado español ningunha mina en funcionamento. A tecnoloxía proposta non foi validada por estudos de viabilidade técnica/económica contrastados, sendo de natureza altamente experimental e especulativa.
17. **A intención de reinxectar todos os residuos na mina é tecnicamente inviable, segundo os estándares internacionais (que fixan un máximo 50-60% de residuos reinxectados).** Resultará inevitable a creación dunha escombreira superficial, que non foi avaliada no proxecto. Isto evidencia que o proxecto carece de realismo e aplicabilidade fóra do papel, sendo temeraria a súa aprobación.
18. A empresa **contratou un estudo social que vulnerou todos os estándares éticos, recollendo datos persoais sen consentimento, vulnerando a LOPDGDD (Lei 3/2018) e o RGPD.** En paralelo a empresa promoveu campañas de enxeñaría social destinadas a dividir a comunidade.
19. A designación do proxecto como “Proxecto Estratéxico” outórgalle prioridade indebida sen cumprir co artigo 6 do Regulamento (UE) 2024/1252. O procedemento de avaliación pola Comisión Europea careceu de transparencia, non ofrecendo unha resolución motivada. O proxecto non está certificado nin cumpre os requisitos do Anexo IV do CRMA (ESG). A designación foi obxecto de varios recursos de revisión interna que están pendentes de resolución por parte da Comisión Europea.

SOLICITA:

PRIMEIRO.- Que se teña por formuladas as presentes alegacións e, atendéndooas, se dite no seu momento declaración de impacto ambiental negativa e se resolva denegar a execución do proxecto.

SEGUNDO.- Que se lle recoñeza a esta parte a súa condición de interesada no expediente de referencia, comunicándolle os trámites e dándolle audiencia dos actos sucesivos.

TERCEIRO.- Que se lle proporcione acceso, preferentemente en formato dixital, ao expediente referido.

En _____, a _____ de _____ de 2025

Asdo.